

## Manolo Escobar gana el Premio 'Familia'



El cantante almeriense Manolo Escobar ha ganado la Ola de Oro del XI Premio Cinematográfico 'Familia' por su trayectoria en el campo del cine, según informó la asociación CinemaNet. Más conocido por su música, Manolo Escobar ha sido actor en una veintena de largometrajes, la mayoría de los cuales fueron, en su momento, éxito de taquilla.

El Premio 'Familia' está convocado por CinemaNet, con la colaboración del Grup d'Entitats Catalanes (GEC) de la Familia, y en años anteriores fueron premiados personajes como Francesc Rovira-Beleta, Toni Leblanc, Asunción Balaguer, María Isbert, Mary Carrillo, María Galiana, Alfredo Landa o Conrado San Martín.

El director de CinemaNet y presidente del GEC, el periodista Daniel Arasa, aseguró ayer que el jurado del premio ha decidido por unanimidad reconocer "la larga trayectoria profesional y la calidad humana" de Manolo Escobar. | AGENCIAS.

# Os editores sitúan a Galicia "á cola de Europa" en índice de lectura

**CULTURA** | Representantes da Asociación Galega de Editores asinan un convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra

PONTEVEDRA | O presidente da Asociación Galega de Editores (AGE), Alfonso García Sanmartín, alertou onte que Galicia está "á cola de España e de Europa" en índice de lectura "e en gasto público para o fomento da cultura do libro", polo que apelou ao apoio das institucións para invertir esta situación. Alfonso García e outros directivos da AGE asinaron co presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, o

convenio correspondente a 2006 polo que a institución provincial contribúe á promoción e difusión do libro galego mediante a compra de exemplares para a súa divulgación e entrega a bibliotecas, entidades culturais e centros docentes, entre outros. A dotación deste convenio, que se vén renovando dende hai 15 anos, ascende a 40.000 euros.

O presidente da AGE confiou en que a Deputación de Pontevedra

poida incrementar a súa dotación en próximos anos, argumentando que "a nova Lei do Libro sitúa este sector como algo estratéxico e un dereito cultural dos galegos, o que debe implicar a acción de todo o Goberno galego e as demais institucións".

García Sanmartín referiuse aos datos "pouco esperanzadores" que, segundo dixo, se extraen do Simposio 'O libro e a lectura', segundo os cales, "salvo na cidade da Coruña, os

índices de lectura pública son preocupantes".

Coa sinatura deste convenio o organismo provincial comprométese a adquirir exemplares de libros escritos en galego ás editoriais da provincia de Pontevedra adscritas á Asociación Galega de Editores. En total, o organismo provincial comprará 341 títulos ás editoriais Nigra Trea, Nova Galicia, Kalandraka, Do Cumio Edicións, Ir Indo, Rinoceronte, Oco, Xerais, Tambre, Galaxia e Promocións Culturais Galegas. Dende a Deputación de Pontevedra insístiuse onte en que era a única das de Galicia que colabora coa Asociación de Editores. ■

## Vigo acolle a representación da obra ganadora do II Premio María José Jove

**Caixanova** patrocina a posta en escena de '¡Viva o teatro!', de Alonso de Santos

A Fundación María José Jove levará mañá, ás seis da tarde, ao Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova de Vigo, a obra ganadora do II Premio María José Jove de Teatro Infantil, '¡Viva o teatro!', do dramaturgo vallisoletano José Luis Alonso de Santos.

Dirixida por Olga Margallo e representada por un elenco de actores galegos (Mónica Bar, Muriel Sánchez, Manuela Varela, Victoria Pérez, Xosé Manuel Esperante, Juan Rodríguez, Mighello Blanco e Christian Escuredo), esta obra pretende achegar aos máis pequenos a maxia do teatro e a importancia do traballo en equipo. Neste sentido, escenifica os ensaios dunha peza teatral infantil, nos que traballa un apaixonado grupo de nenos coa súa profesora. Fronte á simplicidade do teatro escolar máis convencional, ¡Viva el teatro! desenvolve unha intriga complexa, chea de cancións e sorpresas, que divertirá sen dúbida a uns espectadores que non por máis novos son menos esixentes.


Con imaxinación e sen moralinas explícitas, o fío condutor convértese nun magnífico recurso lúdico e pedagóxico para transmitir aos novos espectadores valores como

a amizade, a solidariedade, a alegría ou a xenerosidade, ao que se suman boas doses de maxia teatral e moita imaxinación.

'¡Viva o teatro!' intenta que os máis pequenos coñezan todos os segredos do teatro dun xeito atractivo e divertido, grazas á grande experiencia da súa directora, que recibiu galardóns do talle do premio Max ao mellor espectáculo teatral infantil por Que é a vida ou o Fetén', á mellor dirección por Clown Quijote.

O premio Nacional María José Jove de Teatro Infantil enmárcase nas actividades que a Fundación do mesmo nome organiza dentro da súa rea cultural, orientadas a potenciar o espírito creativo infantil en todas as súas vertentes.

**Entre 242 obras** | O certame celébrase cada dous anos, está dotado con 30.000 euros, sendo o premio de maior contía para obras teatrais do país e, nesta segunda edición, recibíronse 242 obras orixinais, procedentes de diferentes puntos de España, Latinoamérica, Europa e Estados Unidos. O autor, José Luis Alonso de Santos, conta cunha dilatada traxectoria teatral, recoñecida con numerosos premios e con máis dunha vintena de obras estreadas con grande éxito de crítica e pú-



O cartel da obra de Alonso de Santos, que conta cun elenco galego na xira que está a facer pola comunidade autónoma.

blico, entre as que destacan algúns títulos como 'Baixarse ao Moro' ou 'A estanqueira de Vallecás', tamén levadas á gran pantalla. Tamén, dirixiu máis de trinta obras teatrais de autores españois e estranxeiros, incluíndo algúns títulos propios.

As entradas para presenciar a obra ganadora do María José Jove mañá en Vigo poden adquirirse na páxina web de Caixanova ([www.caixanova.es](http://www.caixanova.es)) e no número de teléfono 902504500. As últimas localidades poñeranse á venda na billeteira. ■

[FLASH]

## 'Cahiers du cinéma' saírá en castelano

PARÍS | La revista de cine 'Cahiers du cinéma' ha reformado su aspecto, con un formato más reducido, mientras prepara para la primavera próxima una edición para España, según su director, Jean-Michel Frodon. En el editorial de la revista, Frodon revela que los propietarios de la publicación han firmado un acuerdo con un editor y un grupo de críticos españoles para que esta próxima primavera nazca 'Cahiers du cinéma España'. Se trata de una revista 'hermana', en palabras de Frodon, cuyo contenido será en parte original y en parte traducción de artículos de la edición francesa. | EFE.

## Shaila Dúrcal le hace un disco a su madre

MADRID | La hija de Rocío Dúrcal, Shaila Dúrcal, ha transformado en 'Recordando' algunas de las canciones del repertorio de su madre, como 'Vuelvete a la luna' - que será el primer single- o 'Volver a verte', en un disco que editará el 5 de febrero y con el que recorre géneros como el pop, la ranchera o la canción melódica. Shaila Dúrcal ha grabado entre México y Madrid 'Recordando' (EMI), un trabajo en el que arregla y actualiza clásicos de su madre con la ayuda de los productores Jorge Avendaño y Mariano Pérez y que comenzó a grabar antes de la muerte de la cantante, el pasado 25 de marzo. | EFE.

## Sienna Miller no ha difamado a Bob Dylan

LOS ÁNGELES | La actriz Sienna Miller ha rechazado rotundamente las acusaciones de que su nueva película, 'Factory Girl', acuse al cantante Bob Dylan de la muerte de la musa de Andy Warhol, Edie Sedgwick. Durante las últimas semanas se ha venido especulando con la posibilidad de que Dylan intentase detener el estreno de la película, en la que Miller interpreta a Sedgwick, puesto que, en su opinión, el personaje de Billy Quinn, que en el film mantiene un tormentoso romance con Sedgwick, tiene una gran similitud física con la imagen pública de Dylan. Sin embargo, Miller ha declarado que estaba "avergonzada" al enterarse del disgusto de Dylan. "Culpa a Warhol más que a cualquiera", aseguró la actriz antes de añadir: "Soy la mayor admiradora de Bob Dylan y me avergüenza que él esté molesto". | FAX PRESS | BBC MUNDO.



## **OFERTA DE OCIO**

CAIXANOVA | 18.00 HORAS

### **Representación de «¡Viva el teatro!», de Alonso de Santos**

■ A Fundación María José Jove presenta *¡Viva el Teatro!*, a obra de José Luis Alonso de Santos, gañadora do Premio Nacional de Escritura Teatral Infantil que convoca a citada institución cada dous anos. Dirixida pola madrileña Olga Margallo e representada por un elenco de actores galegos, a obra pretende achegar aos máis pequenos a maxia do teatro e a importancia do traballo en equipo. Os prezos son 6 euros butaca, e 4 anfiteatro e palcos.

# Opini3n Hoxe

opinion@galicia-hoxe.com

FAI FUME

LUGAR DOS ROMANZINHOS

## Balance-resumo 2006: n3s-outros (I)



MANUEL VIDAL VILLAVERDE

A ninovo xa, e nunca nosoutros comestos devorados polo tempo. A xustiza ianqui en transunto do Tribunal Islamita en Iraq, medieval, absurdo... Así aforcaron a Saddam Husein, servida e mantida a figura do "criminal", do "xenocida" polo mediático indecente, asilvestrado, a matenta das "sobras do banquete", dos falsos dólares do imperio. Pode Bush durmir, descansar tranquilo na paz alíxera do seu deus, e os esquinais do seu leito gardados por catro anxos ou arcanxos flamíxeros a entoar en gregoriano deturpado un salmo apócrifo, como todos os salmos. Esta foi a primeira noticia, a primeira despedida do ano 2006, co visto e prace perverso dos miserábeis, dos usureros non contemplados polos códices penais internacionais. A quen culpabilizarán, entón, dos milleiros de mortos denantes e despois da invasión ilegal e inmoral posta en escena polo teatro "democrático" *made in USA*?

Que tritura, meu deus, cavilación: se América América triunfase en Vietnam asistiríamos a outras mortes semellantes. O terror do napalm quedou para os filmes de Hollywood, a maior gloria do "soldadiño americano". Nun mundo universo distinto, ano 1968, formouse o Tribunal Internacional B.R., e nel Jean-Paul Sartre, para



CHICO MIRAS

vulgar os crimes de guerra no Vietnam, ninguén lle fixo caso... eran comunistas, claro. Este seu cronista sentiuse apesado cando polo televexo -ás sete da mañá- se indicou que Saddam morrera aforcado no mencer de Bagdade. Continúa o boureo, prosegue a historia universal da infamia, escribo co permiso de Borges, xa desaparecido de calquera mundo.

Outrosí. Retorno a Galicia; Nadal e Aninovo, por SMS e por e-mail. Xa ningunha postalía de puño e letra. Abenzoados sexan os homes e as mulleres de boa vontade. Benzóns para a inocencia, para a caravana do abreinte, cos dedos cotos feridos antes e despois da historia. Que hai do noso Estatuto agora

Alberto Núñez Feijóo? Home novo que se autoproclama "gale-

guista", que di que el/eles veñen desa tradición. O PP, meu señor? Pois non lle é así, nin de Castelao nin de Bóveda, e nin sequera, poñamos por caso, do de Filgueira Valverde. Res, non verba, señor Núñez Feijóo; a tradición galeguista da que vostede quere proceder non poñería en dúbida a *conditio* de nación galega. Cecaís hai outra tradición máis folclórica e menos comprometida para o PP español que Núñez Feijóo representa en Galicia: feiras, festas e romarías, cun aquel de pseudomodernidade que vai da gravata á globalización da corredoira. Dunha ocasión, aló en Lugo, con frei Xosé, bispo de Lugo, presente, na noiña da alameda, e por alí o alcalde López Orozco, díxenlle a Cacharro Pardo que el é Cuiña eran os máis galeguistas do PP... "Quen dixo iso?",

preguntoume Cacharro; riron todos os presentes, e estou por asegurar que tamén os distintos e distantes. "A xente di moitas cousas", retrucou o propio Cacharro. Evidentemente que falar galego é un síntoma signo de galeguismo, pero non de vir desa tradición que quere para el/eles/elas Núñez Feijóo. Entraría el nas páxinas de *Sempre en Galiza*? Semella que non, e ben pouco semella, tamén, saber de Castelao en París, en Arxentina.

Cando a raiola do día tres de xaneiro abre a luz límpida e azul deste mediodía de inverno, dos balcóns da cidade aínda penduran coma esperpentos bonecos disparados os Papá Noel da globalización. A outra tregua continúa ata despois da chegada e posterior fuxida dos Reis Meigos, transpostos en xenerosas e non menos esforzadas familias que deixarán para grandes e pequenos unha transposición do ouro, incenso e mirra. E nas casas burguesas e salas de non estar, un recendo antigo e fuxidío de auga bendita. E nesas estadias sospeito a inmanente *femme en fleur* a ennovelar relatorios dunha nostalxia escambullada nas tardes máis grises doutros invernos: *Comme un monstre sans corps... Tristesse beau visage*, escribiu Paul Éluard para *La vie immédiate*. É o instante no que a velliña do tute cabrón da vida sae ao resío e á traseira da horta para apañar un tempo de nabizas, aínda coas pingas da mera do abreinte, da choiva da alta noite. Deseguido, un rumor de merlos da última primavera peteira na sombra do aire na herba, na memoria do poeta Luís Pimentel.●

## O símbolo da derrota



CAMILO NOGUEIRA

Este día apareceu o presidente dos Estados Unidos George Bush, acompañado no rancho de Texas polos membros do seu Goberno Dick Cheney, Condoleezza Rice, Robert Gates e Stephen Huddle, para balbucir as medidas que pretenden tomar sobre a súa guerra en Iraq. Mostrando nas súas caras e nos seus xestos corporais a culpabilidade e a derrota, a expresión da banda era oposta á exhibida obscenamente no portaavións cando Bush anunciaba hai tres anos a fin vitoriosa da guerra.

Pasaron case catro anos desde a desgraciada invasión do país mesopotámico. Centos de millares de mortos, millóns de persoas exiliadas, unha traxedia que se repite cada día sen fin, son o resultado dunha

**Sadam Husein, outro morto no horror sen fin. Un acto cruel. Unha decisión absurda, contraria á razón, que traerá aínda máis mortes e impedirá, quen sabe se definitivamente, a convivencia entre os iraquís**

guerra inicua e cruel emprendida contra o antes aliado dos Estados Unidos Sadam Husein. O mesmo que anos antes apoiaran na guerra contra Irán na que perderon a vida un millón de persoas.

Dous días despois da reunión de Texas, o presidente de Iraq Sadam Husein foi enforcado. Outro morto no horror sen fin. Un acto cruel. Unha decisión absurda, contraria á razón, que traerá aínda máis mortes e impedirá, quen sabe se definitivamente, a convivencia en Iraq. A execución constituíu, si, o símbolo e o anuncio dunha inevitábel derrota dos EEUU de George Bush e dos seus aliados.●

Artigo extraído de vieiros.com

VISIONS

## Concerto de Aninovo



ALBINO MALLO

Cada ano que vai transcorrendo, escoito o concerto de Aninovo que se emite pola televisión dende a Sala Dourada do Musikverein, sede da Orquestra Filharmónica de Viena. Sei que non é un costume só meu, senón de todos os afeccionados á música, e cónstame que outros que non teñen tanto apego polo sinfonismo inclúen esta retransmisión nas súas primeiras horas da mañá do día un porque se trata dunhas composicións apegadizas, fáciles de comprender; porque á fin e ó cabo, no seu tempo foron

pezas feitas para os bailes. O concerto é fundamentalmente de valses e polcas da familia Strauss, concretamente o pai e tres fillos, todos compositores, aínda que nos últimos anos, quizais por non repetir tanto repertorio, engadíronse algúns autores contemporáneos que seguen a mesa liña desta música cortesá e ó mesmo tempo popular e o ano pasado tamén Mozart por aquilo de comezar as conmemoracións do 250 aniversario do seu nacemento.

A orquestra é sempre a Filharmónica de Viena, aínda que os directores primeiro foron sucedéndose comezando polo creador Clemens Kleiber en 1941, a quen seguiu Willy Bosowski quen os dirixiu durante 25 anos e que, curiosamente, a súa profesión non era exactamente a de director, senón

que traballaba como violín concertino da mesma orquestra, polo que sempre dirixía co arco do violín e, de cando en vez, facía algún só. Co paso do tempo decidiuse que foran directores elixidos cada ano, sempre entre os de máis sona, con plebiscito democrático entre os compoñentes da orquestra e así seguiron media ducia que nestes tempos se repetiron nalgúns ocasións, como o indio Zubin Mehta deste ano, Lorin Mazel, que tamén toca o violín nalgúns pezas, Claudio Abbado, Harincourt, Bruno Kleiber, Ricardo Muti e nunha soa oportunidade o grande Herbert Von Karajan.

Nalgúns números, tamén actúa o ballet da ópera de Viena en imaxes filmadas ó mesmo ritmo da orquestra e en palacios ou xardíns da cidade. Este ano, non obstante,

o *Danubio Azul*, peza que sempre se toca fóra de programa, aínda que sempre é esperada, foi interpretada en directo dende os salóns do Palacio de Shobrunn, onde veraneaba a emperatriz Sisi, algo difícil xa que os bailaríns recibían o son da sala por altofalantes. Quero destacar que este ano houbo unha importante participación española xa que actuou como solista a bailarina Lucía Lacarra, unha das figuras deste exilio balletístico español forzado pola falta de oportunidades e no que poden incluírse tamén Igor Yebra, Ángel Corella, Carmen Corella ou Tamará Rojo. O concerto remata inevitablemente, coa Marcha Radezky coreada e palmeada por todos os asistentes. Aínda que ninguén me vexa, tamén eu na miña casa toco as palmas.●

**Hoxe, en Lugo,** ás 12.30 horas no Bispado, presentación do DVD 'Concerto de Nadal' coa Real Banda de Gaitas e María do Ceo.



**Hoxe, na Coruña,** ás 18.00 horas na Fundación María José Jove, concerto de música tradicional interpretado polo grupo do Igaem.

**Hoxe, na Cotobade,** ás 10.00 horas, obradoiros de Nadal para pícaros no ximnasio de Tenorio organizados pola Concellería de Cultura.

## CADERNO ABERTO

# O triunfo da violencia



MIGUEL ANXO  
FERNÁN  
VELLO

**"¿Canto tempo teremos que agardar até que os outros se convertan en pacifistas?" (Freud)**

**C**onvulsas e violentas foron as últimas horas do ano 2006: o aforcamento "televisado" de Saddam Hussein, o brutal atentado con dous mortos de ETA e, un tempo atrás, as poboacións saqueadas e queimadas no Chad, con centos de mortos e milleiros de familias a fuxir dos seus fogares. O certo é que a violencia, dito así en xeral, persiste nos máis diferentes ámbitos e estruturas sociais, económicas, políticas e relixiosas, mesturándose ás veces distintos rexistros da mesma: institucionais, non ins-


tucionais, estruturais ou individuais. No ano 1986 a Unesco realizou, despois de pertinentes estudos debidos a un foro de especialistas, unha "Declaración contra a violencia" na que se deixaba ben claro que "é cientificamente incorrecto dicir que temos herdado dos nosos antepasados animais unha predisposición para a violencia" e, aínda máis, engadíase, con absoluta contundencia declarativa, que "a violencia non está nin no noso herdo evolutivo nin nos nosos xenes". ¿Entón? Son moitos os autores que

defenden que existe unha relación intrínseca entre a violencia e a política, ou entre a violencia e o poder. A política, desde esta perspectiva, adoita crear as condicións económicas máis satisfactorias para aqueles que exercen o poder, e que acabarán exercendo tamén a violencia: velaí, sen irmos máis lonxe, a violencia machista. Nunha carta dirixida por Freud a Einstein, datada no ano 1932, o primeiro preguntalle ao segundo o seguinte: "¿Estou autorizado a substituír a palabra "poder" por "violencia", máis dura e estri-

dente?" A carta do pai da psicanálise é longa e constitúe en si mesma un "ensaio", que remata cunha última pregunta e unha afirmación: "¿Canto tempo teremos que agardar até que os outros se convertan en pacifistas?" O doutor colixe que non é posíbel dicilo, mais reconece que non é unha esperanza utópica se lle unimos a unha actitude cultural a xustificada angustia diante dos efectos dunha guerra futura. E remata: "Todo o que promova o desenvolvemento da cultura traballa tamén contra a guerra". ●

## BEN MONIÑOS PARA ATOPAREN CURRO

Heirich Mandt, un buscador de emprego alemán, déixase cortar o pelo na 'festa do lavado e do afeitado', fronte ó parlamento rexional de Maguncia e ante a grande atención dos medios de comunicación. Mandt tomou moi en serio o desafío lanzado polo primeiro ministro de Renania, Kurt Beck, que animou os desempregados a afeitarse e cortar o pelo para poderen atopar un traballo. ● FOTO: FRANK MAY



## MEDIO NEPAL ATRAPADO POLA FRIAXE

Este granxeiro nepalí transporta como boamente pode dúas cestas con mercaderías nunha mañá fría na poboación de Bhaktapur. Nos últimos días, tres anciáns faleceron en distintas poboacións do sueste de Nepal debido á onda de frío que azouta medio país. Os voos nacionais foron cancelados debido á intensa néboa e semella que os humanos deben hibernar uns días. ● FOTO: NARENDRA SHRESTHA

## CARA...

**JOSÉ BLANCO**  
Secretario de Organización do PSOE


"ETA ten que elixir: se quere diálogo ten que renunciar á violencia. O sábado elixiu a violencia e ó facelo cometeu un grave erro"



## ... E CRUZ

**IGNACIO ASTARLOA**  
Secretario de Liberdades Públicas do PP

"Xa basta de interpretacións duns e doutros sobre o que quere dicir o presidente Zapatero cada vez que fala. Iso non é un presidente"



## A CIFRA

**1.447.500**

O Ministerio de Fomento adjudicou a redacción do proxecto do treito do viaduto sobre o río Ulla, do Eixe Atlántico de Alta Velocidade, cun orzamento de 1.447.500 euros.



## RECOMENDAMOS |

### Teatro

#### **CENTRO SOCIAL CAIXANOVA**

18 HORAS | 4 Y 6 EUROS

■ La obra ganadora del segundo Premio Nacional María José Jove de Escritura Teatral Infantil llega esta tarde a los escenarios pontevedreses.

### Magia para niños

#### **BIBLIOTECA PÚBLICA**

17.30 HORAS | GRATUITO

■ Los más pequeños tendrán ocasión hoy de disfrutar con los trucos imposibles del mago Norberto.

## OFERTA DE OCIO

DOMUS | DE 12 A 17 HORAS

## Experimentos en la cocina

■ El programa Exploradomus ofrece a los niños de entre 5 y 10 años la posibilidad de realizar experimentos para descubrir la ciencia en un entorno como la cocina, donde podrá convertir en momia a una salchicha. Para participar, hay que inscribirse previamente llamando al teléfono 981 189 840. El precio de la actividad es de 1 euro.

FÓRUM METROPOLITANO | 19.30 HORAS

## «Axóuxere de cores»

■ La Fundación Igual Arte presenta esta tarde en el Fórum Metropolitano un espectáculo musical y de danza en el que participan personas con síndrome de Down, parálisis cerebral, autismo, discapacidades motrices o sensoriales. Axóuxere de cores ofrece al público un recorrido por diferentes sentimientos que pueden experimentar las personas sin palabras, sólo por medio del movimiento del cuerpo, la imagen y de la música.

FUNDACIÓN JOVE | 18 HORAS

## Música para niños

■ El Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais ofrece esta tarde en la fundación de A Grela un concierto de música tradicional dirigido a un público familiar, con niños de a partir de seis años. La entrada es gratuita previa inscripción en el teléfono 981 160 265.

TEATRO ROSALÍA | DÍAS 6 Y 7, 20.30 HORAS

## El Centro Coreográfico presenta «Vacuo»

■ El Centro Coreográfico Galego presenta los días 6 y 7 en el Teatro Rosalía Castro su primera producción, Vacuo. El espectáculo de danza cuenta con la dirección de la coreógrafa Maruxa Salas (en la foto) y con música de Berroguéttio. Las entradas cuestan de seis a diez euros.



RIAZOR | DE 11 A 14 Y DE 17 A 20 HORAS

## «A xogar» en el palacio

■ El palacio de los deportes de Riazor acoge la actividad organizada por Caixa Galicia y el Ayuntamiento para niños de 3 a 12 años. Además de hinchables, se desarrollan actividades. Las entradas pueden retirarse en el Centro On.

O CALIDOSCOPIO | J. TOMÁS

FOI COMEZAR O ANO E EMPEZAR A SENTIR UN BUXI-BUXI NO CORPO QUE NON SEI EU... PARA MIN QUE É POLAS ELECCIÓNIS MUNICIPAIS



## Reportaje | Mercadillos navideños

## Regalos solidarios y de época

*Dos locales venden antigüedades con historia, como las puertas de un convento de Zamora del XVI y solidarios, ya que los beneficios serán para gente sin recursos*

Bea Abelairas

A CORUÑA

■ Dos locales de la Ciudad Vieja tienen a la venta piezas y antigüedades de lo más curioso, que además contribuirán a materializar proyectos para personas desfavorecidas. En la calle San Nicolás, Isabel Ruiz abre su ya tradicional mercadillo de muebles de época desde las doce de la mañana a las dos de la tarde, y de cinco y media a nueve de la noche. Mientras, en Santo Domingo el responsable de Novitas Bazar habilita parte de su local para la venta de una gran variedad de objetos con fines solidarios.

«Este año tenemos un espléndido mueble chino del siglo XVIII, que denominan ajuar de novio y un aparador mongol de la misma época», resalta Isabel, que por ahora está muy satisfecha con las ventas. «El invierno pasado recaudamos más de 15.000 euros y este ya hemos tenido un donativo importante de 3.000», cuenta, al tiempo que destaca el trabajo del equipo de voluntarios que hace posible la venta.

## Juguetes con historia

La mayor parte de la recaudación irá a parar a la fundación Remanso y servirá para que el hogar de Santa Lucía cree una casa de acogida, que también recibirá fondos de otro mercadillo: el situado en una parte del local de una almoneda de



FOTOS: ALBA LEAL

En San Nicolás hay diversos muebles chinos



Novitas Bazar oferta todo tipo de objetos

la calle Santo Domingo. Su responsable, Javier Gil de Bernabé, comenta que sus existencias son más eclécticas.

«Tenemos ropa de cama, maniqués... La verdad es que un montón de cosas que nos donan tanto empresas, como particulares», relata. También disponen de ropa y muchos juguetes de otros siglos. Las puertas de este mercado de variedades estarán abiertas de

once de la mañana a dos de la tarde y de cinco a nueve y media de la noche.

Para los que busquen un regalo singular en el mercado de Santo Domingo hay una muñeca del siglo XVIII. En el de San Nicolás también hay objetos únicos, como las puertas de un convento de monjas zamorano. Por mil euros la pieza se pueden poner en la entrada de casa portones del siglo XVI.

## RADIO VOZ

VOCES DE A CORUÑA  
92.6 FM

ENTREVISTA

DE 9 A 12 HORAS

**Cincuenta aniversario de la Sociedad Hípica** ■ El programa que dirige Pablo Portabales entrevistará a Santiago Togores, presidente de la entidad deportiva, además de ofrecer un exhaustivo seguimiento del viaje del Tren de la Alegría a Betanzos y mantener al público informado acerca de todas cuantas noticias se produzcan en la comarca coruñesa.

## UN MINUTO

SOCIEDAD FILARMÓNICA

**Concierto del cuarteto Kocián** ■ La Sociedad Filarmónica inicia el año con un recital, el próximo día 9 de enero, a las 20.30 horas, en el Teatro Rosalía de Castro. Actuará en cuarteto de cuerda de la República Checa, que interpretará piezas de Borodin, Kalivoda y Smetana.

BAMBA CAFÉ

**Álvaro Muras y Karlos Karneiro** ■ El bajista coruñés, acompañado por el percusionista, ofrecerá mañana, a partir de las once y media de la noche, una actuación en el local de la calle Millán Astray, 3. En un primer pase, interpretará temas propios y alguna versión adaptada al bajo eléctrico. El espectáculo terminará con una invitación a la improvisación. Entrada libre.

JAZZ FILLOA

**Marcelino Galán Trío** ■ El guitarrista, acompañado por Xacobe Martínez y Maz Gómez, presenta hoy nueva disco en el local de la calle Orzán, 31. Pases a las 22.30 y a las 23.30 horas. Entrada, 5 euros.

## TAL COMO ÉRAMOS

## El origen de Alfonso Molina

■ Alberto Martí tomó la fotografía de la imagen en el año 1957, cuando la avenida de Alfonso Molina todavía no entraba en la ciudad. Las casas bajas con árboles desaparecieron bajo las palas excavadoras que construyeron el principal acceso a A Coruña. Al fondo, un autobús circulando por la calle Fernández Latorre.



ALBERTO MARTÍ VILLARDEFRANCOS

**A CORUÑA**

CRÓNICA DE REBECA BARREIRO

## Detectives por un día en el cuartel de Lonzas

► Huéspedes de lujo en María Pita: Llegan los Reyes Magos a la ciudad

¿Quiere ser como Grissom de CSI por un día o ver si es capaz de distinguir un billete falso de uno legal? Pues acérquese al cuartel de Lonzas a visitar el Museo del Cuerpo Nacional de Policía que, con motivo de las fiestas navideñas, ayer inició una jornada de puertas abiertas para poder contemplar la exposición también por la tarde, de 17.00 a 19.00 horas. Allí podrán pasearse por las ocho salas con las que cuenta, que contienen más de 2.500 piezas. Auténticos uniformes, armas, Tedax, material intervenido por las diferentes Unidades como dinero o pasaportes falsificados, o vehículos policiales. Hasta aquí la visita para los peques, que no podrán acceder a la Sala del Crimen, en la que tendrán que seguir la pista de un delito a través de una recreación. Así que si toda-



Moto en el cuartel de Lonzas

**Los espectadores pondrán el toque musical al espectáculo infantil del Centro On**

vía no están muy lúcidos después de la *fiesta rachada* de fin de año y no dan con la solución, no se depriman y sigan a rajatabla el plan que les proponemos.

Lo que no se pueden perder los más pequeños es la programación en el Centro On de Caixa Galicia. La filial de la entidad dirigida por José Luis Médez López celebrará hoy varias sesiones de cuentacuentos, a las 12.30, a las 18.00 y a las 19.00 horas. Pero atentos porque el programa preparado por Pablo Sánchez busca la participación del público. Sí, sí... serán los espectadores los que, con pequeños instrumentos, pongan los efectos sonoros en directo al cuento *La Princesa y el guisante*. El espectáculo estará ilustrado además con diapositivas. Y, ojo, porque se sortearán regalos durante estas actividades.

¿Les suena la operación Carballo? No, no se asusten, no tiene que ver con nin-

guna trama truculenta. Es el nombre de una iniciativa que también lleva a cabo el Centro On y es que los niños podrán aportar su semillita en la conservación del medio ambiente. Y nunca mejor dicho, porque si se acercan a la oficina con una botella de agua de litro se les entregará una semilla que podrán plantar y que permanecerá en la entrada del centro identificada con su nombre. Para fardar. En mayo, se plantarán en los bosques gallegos afectados por los incendios de este verano.

Y hoy llegarán a la ciudad Melchor, Gaspar y Baltasar, que ya tienen instalado su trono en el vestíbulo del Palacio Municipal para recibir las peticiones de los niños, entre las 17.00 y las 20.30 horas. Ya que están allí aprovechen para echar un vistazo al belén municipal, que, les

aseguro, no tiene desperdicio.

Ya que hablamos de los Reyes Magos, podrán obtener alguna pista sobre qué pedirles en el Mercado Navideño, que se celebrará hasta el viernes en el Puerto Centro de Ocio. Allí se pueden adquirir marionetas, piezas de artesanía o muñecas, entre otras piezas. Si deciden acercarse, animense a participar en las jornadas de ajedrez, impartidas por la directora del Torneo de Ajedrez de Reyes y de la escuela Mijail Tal, María del Carmen Fernández, y por la directora de la escuela Alexandre Bóveda, Jelena Kolar.

Mañana no se pierdan el concierto del Grupo de Música Tradicional del Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (Igaem) a las 18.00 horas. La cita será en la Fundación María José Jove, presidida por Felipa Jove, y es de carácter gratuito previa inscripción, llamando al teléfono 981 160 265.

**FERROLTERRA**

CRÓNICA DE PATRICIA HERMIDA

## El 'hit parade' de este año pasado por agua

► Tres aperturas para 2007: la regasificadora, el puerto y una plaza



Ahí están, ahí están, viendo pasar el tiempo: las casas voladoras de Caranza

En plena resaca del champán, con burbujas que vienen y después se van, dedicamos nuestro tiempo a los momentos del pasado año. Aún tenemos la corbata atada a la cabeza, pero la mente ya se va despejando con

Alka Seltzer para elaborar el siguiente ranking: esos minutos de oro o de fango que nos han conmovido.

En primer lugar: la jornada de los tejados voladores. Los vecinos de dos bloques de Caranza recordaron con rayos y centellas a Florentino Pérez, responsable de la constructora ACS, y a Alfredo Alcalá, arquitecto. La estructura de unos edificios de reciente construcción no pudo con el Gordon: más de tres meses después, muchas familias aún siguen sin poder acceder a sus casas.

Segundo puesto: los plenos municipales de Ferrol convertidos en auténticos duelos de Tigres y Leones. ¡Sí, como en el mítico *Sabadabad!* Recordemos las tan apasionantes como agotadoras *regueifas* entre Juan Fernández y Xaime Bello, auténticos animales políticos, ante un Juan Juncal con cara de póquer. Y animando el cotarro, decenas de co-

**Puntazos: el alcalde de Ares y su nuevo Ayuntamiento, y el de Ortigueira con su amiguito Pocholo**

lectivos movilizados: desde vecinos contrarios a una piscina hasta policías locales y operarios de la limpieza de jardines.

Tercer puesto: brindis al surrealismo en pleno Eume. José Rey, sustituto natural de la dimitida Mo-

desta Anca, se autoelige como nuevo alcalde de Cabanas pese a la férrea oposición de todo su grupo socialista.

Vamos a por el cuarto: aquí tenemos a José Manuel Cendán, rodeado de gaiteros, empanadas y el propio David Civera. Cubierto de medallas, inauguró un Ayuntamiento paralizado por la Xunta por supuesta obra ilegal.

Y quinto, aunque casi el mejor: ese Antonio Campo, regidor de Ortigueira, demostrándole a Pocholo Martínez-Bordiu en Ibiza que *un home é un home, e un gato é un bicho*.

Por último, sacamos nuestra preciada bola de cristal y nos montamos nuestro propio oráculo. Veo, veo... tres infraestructuras. Si todo marcha según lo previsto en 2007, Amable Dopico pondrá en marcha el puerto exterior, tendremos planta de gas y por fin podremos pasear sobre la reformada plaza de España.

## El urbanismo llevará a la abstención en las municipales

AGENCIAS • SANTIAGO

PP, PSdeG y BNG admiten que los escándalos urbanísticos de los últimos meses influirán en los comicios del 27 de mayo y asumen que las polémicas relacionadas con la corrupción municipal inducirán a la abstención. Por ello, los programas electorales de las tres fuerzas incluirán por primera vez la lucha contra los delitos en la ordenación del territorio y su repulsa a los casos de corrupción. Socialistas y populares advirtieron además de que los cargos públicos que militan en sus filas que sean imputados o condenados no concurrirán en las listas, mientras que el

BNG subrayará que no precisa "promesas de ese tipo", puesto que, según recordó el coordinador de la Executiva, Francisco Jorquera, "nunca se dieron escándalos urbanísticos ni casos de corrupción" en los cargos electos nacionalistas.

Los tres partidos coinciden, no obstante, en que aún siendo "muy llamativos", este tipo de delitos están protagonizados por "una minoría" y, por ello, consideraron que "no se debe criminalizar" la vida municipal. Así, el secretario de Organización del PSdeG, Ricardo Varela, apeló a "separar el grano de la paja"; y el

presidente de la Fegamp, el popular Xosé Crespo, lamentó "la sensación de que todo es una corruptela, cuando no es así" y manifestó que es "injusto" que los alcaldes imputados por este tipo de delitos no concurren a la reelección, puesto que "la imputación no implica condena". Por otra parte, Varela reclamó el "esfuerzo de todos" para no emplear la corrupción como un argumento de campaña.

Crespo rechazó que la polémica pueda beneficiar a alguna formación en las urnas, sino que "todo lo contrario". Francisco Jorquera subrayó que "nunca es bue-

no que se den tantos casos de corrupción que afecten a tantos ayuntamientos de diferente color". Por otro lado, Ricardo Varela confió en que no merme la participación en las próximas elecciones de mayo, ya que los ciudadanos "deben analizar la situación y actuar en consecuencia". Preciso además que en Galicia "hay 315 concejales de Urbanismo y hablamos escasamente de uno o un dos por ciento que tiene algún procedimiento abierto, en muchos casos por controversias con los vecinos que nada tienen que ver con actuaciones ilícitas".



Flores, de Defensor del Paciente.

# El Xeral, el hospital gallego que más quejas recibió el Defensor del Paciente

▪ A la asociación llegaron un total de 794 denuncias de Galicia, quinto lugar en toda España

santiago  
REDACCIÓN

